



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 27 DE MARZO DE 2024

1.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/3 E X/2024/2.....	3
2.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/10.....	37
3. DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2025-2027).....	46
4. DACIÓN DE CONTA DO DITADO DA ORDE DE DATA 07.03.2024, DA XUNTA DE GALICIA: EXPEDIENTE DE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM DE PONTEDEUME.....	52
5. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2023.....	53
6. ASUNTOS DE URXENCIA.....	56
7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	56
8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO.- MOCIÓNS URXENTES.....	60
8.1.- MOCIÓN DE APOIO AO POBO PALESTINO E DE ESIXENCIA DO FIN DO XENOCIDIO A MANS DO GOBERNO ISRAELÍ.....	60
8.2.- MOCIÓN: ENTIDADES LOCAIS.....	64
9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	68
9.1.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....	68
9.2.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....	68
REMATE DA SESIÓN.....	70
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	70



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27 DE MARZO DE 2024

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 133/2024, de 21 de marzo*)

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE).

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro( PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dous minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións, don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 133/2024, de 21 de marzo*)

Foron asistidos pola Secretaria accidental e o Interventor accidental

##### A Secretaria accidental:

D<sup>a</sup> María Roca Vázquez

##### O Interventora accidental

D. José Luis Sande Vázquez

##### NON ASISTEN:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

A secretaria accidental indica, que non se puido incluír na orde do día o punto de APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, que correspondería a sesión celebrada o día 29-02-2024, pola imposibilidade material da sinatura da mesma por parte do Presidente da propia sesión, ao estar ausente dende o día 1 de marzo de 2024 ata o día de hoxe.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 1.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/3 E X/2024/2

A secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de día 22.03.2024, que se transcribe a continuación:

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DO PLENO”**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA VENRES 22 DE MARZO DE 2024**

**EXPDTE: 2024/G012/000006**

### 2.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/3 E X/2024/2

Consta a proposta da Alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO**

Expediente TEdC 2024/G006/000059

Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 05/03/2024 respecto das facturas incluídas nas relacións F/2024/3 e X/2024/2 (neste último caso facturas imputadas na conta 413 a 31/12/2023 para a súa aprobación por Pleno), incoando expediente para a súa aprobación a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gastos realizados no exercicio 2023 para os que no dito exercicio non había crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento da súa presentación, se ben no caso da relación F/2024/3 as facturas achegáronse xa no exercicio 2024

Sobre isto cómpre sinalar que moitas das facturas se refiren a servizos prestados no mes de decembro, sendo que en moitos dos servizos facturados realmente se aproban anualmente doce facturas, unha por mes, se ben van de decembro do exercicio anterior a novembro, tendo en conta ademais que de acordo co artigo 189 do TRLFL, respecto dos requisitos previos á expedición de órdenes de pago, que: “1. Previamente a la expedición de las órdenes de pago con cargo a los presupuestos de la entidad local y de sus organismos autónomos habrá de acreditarse documentalmente ante el órgano que haya de reconocer las obligaciones la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto”.

Logo de ver o informe desfavorable emitido pola secretaria accidental en data 14/03/2024

Logo de ver o informe de reparo suspensivo da Intervención municipal de referencia 117/2024, asinado dixitalmente o 18 de marzo de 2024,

Tendo en conta a imposibilidade de emendar o procedemento toda vez que as prestacións foron realizadas e, de ser o caso, as subministracións realizadas, e así se fai constar no momento de sinatura da conformidade das facturas; e tendo en conta o organigrama das



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas incluídas nas ditas relacións, moitas delas de departamentos carentes de persoal administrativo, se ben as facturas están debidamente conformadas. E isto en relación coa imposibilidade en moitos casos de incorporar o sinalado no 172 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, a que se fai referencia no informe da secretaria, e isto porque o dito artigo indica: "1. En los expedientes informará el Jefe de la Dependencia a la que corresponda tramitarlos, exponiendo los antecedentes y disposiciones legales o reglamentarias en que funde su criterio. 2. Los informes administrativos, jurídicos o técnicos y los dictámenes de las Juntas y Comisiones se redactarán con sujeción a las disposiciones especiales que les sean aplicables y se ceñirán a las cuestiones señaladas en el decreto o acuerdo que los haya motivado".*

*Sobre as cuestións relacionadas coa tramitación deste expediente, esta Alcaldía non ten coñecementos técnicos nen xurídicos a ese respecto para poder manifestarse sobre a súa idoneidade ou non, polo que deberán ser os departamentos que interveñen na súa tramitación os que aclaren entre si o sistema ou forma de proceder a este respecto.*

*Tendo en conta a capacidade deste concello e do seu persoal, coas carencias advertidas reiteradamente polas distintas xefaturas de departamento para poder desenvolver todo o traballo encomendado, postas tamén de manifesto por esta Alcaldía; a actual lexislación que impide a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición e a recente Lei de estabilización, a dificultade para a organización de determinados departamentos como consecuencia desta situación, a obsoleta configuración das tarefas asignadas aos distintos postos na Relación de postos de traballo vixente (que data do 2007), así como a necesidade de continuar co desenvolvemento das políticas de persoal e organización interna, todas as novas normas de aplicación ditadas durante o estado de alarma e a cantidade de traballo ordinario que ten colapsados moitos servizos, ao que hai que sumar as limitacións para a contratación de novo persoal descritas anteriormente, procede neste momento adicar tempo e esforzo a realizar un organigrama de organización interna máis eficaz e desenvolver un cronograma de actuacións para poder levar a cabo moitas contratacións pendentes, que a día de hoxe seguen sen licitar por carencia de persoal para poder realizalas, sendo una prioridade na que se leva tempo traballando dende o equipo de goberno municipal de cara a acometer estas funcións e dar así cumprimento a todas as advertencias realizadas pola secretaria e interventora municipais, estando nestes momentos a traballar para o cumprimento de varios obxectivos que pasan necesariamente por:*

- *Desenvolver a convocatoria dos procesos de estabilización (oferta de emprego extraordinaria 2021).*

*Logo dos procesos selectivos de dúas prazas de técnico, unha de xestión e outra de contratación, xa teñen tomado posesión dúas funcionarias, se ben unha delas cesou recentemente; grazas a isto comezaron a tramitarse varios expedientes de contratación, e espérase que co reforzo da técnico que continúa sexa posible seguir cos procedementos de contratación iniciados, algún dos que xa teñen dende hai anos pregos contratados de forma externa e sobre os que xa se solicitou actualización de prezos por non ser posible a súa tramitación durante este tempo, para comezar coa mesma canto antes, priorizando estas tarefas sobre outras que se veñen realizando de cara a ir regularizando as incidencias manifestadas nos informes de Secretaría e de*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Intervención, tendo rematado tamén os procesos selectivos de dúas prazas de administrativo (OEP2019) e xa tomada posesión;*

*- Con data do 21/4/2023 saíron publicadas no DOG as bases para os procesos de estabilización e con data de 19/12/2023, unha corrección de erros para comezar os procesos, estando xa rematado o prazo de presentación de solicitudes.*

*Igualmente están xa rematados os procesos das bolsas de administrativos e auxiliares para substitucións, acumulacións de tarefas, etc; estando xa reforzado o Rexistro Municipal cunha auxiliar administrativa.*

*- Reorganización novamente do persoal, xa que ao longo deste tempo fóronse implementando algúns cambios coa intención de mellorar o funcionamento dalgúns departamentos, cun éxito desigual desgrazadamente, o que requirirá no futuro da acomodación das funcións recollidas na RPT ás necesidades actuais, coa conseguinte valoración de postos, etc. Así como desenvolver un concurso para proceder á adscrición definitiva de varios administrativos do Concello.*

*Faise constar que dende o Goberno Local, conscientes desta situación e coa vontade férrea de regularizar a situación posta de manifesto, encargouse hai xa tempo, tal e como se indicou con anterioridade, a elaboración de forma externa dos pregos de contratación da maioría dos servizos, xa que a falta de persoal e a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos impedía e impide a súa elaboración con persoal propio desta administración; téndose entregado algúns deles no concello hai xa anos. Concretamente foron remitidos os pregos para a contratación do subministración eléctrica, mantemento eléctrico, limpeza e mantemento de colexios, conserxerías de edificios municipais, limpeza viaria, recollida de lixo, xestión da escola infantil e mantemento de parques e zonas verdes.*

*Dito o cal, a pesares de ter dado instrucións verbais para a súa tramitación en varias ocasións, esta non foi posible pola mencionada carencia de persoal e sobrecarga de traballo, tal e como se lle ten trasladado a esta Alcaldía en varias ocasións por parte dos distintos departamentos que interveñen na súa xestión, e como consecuencia de non poder deixar de prestar os servizos á veciñanza, posto que isto suporía a paralización total do Concello; e se ben como se indica nos informes a situación da contratación é irregular, para encargar os servizos se solicitan varios orzamentos, ao non ser posible cos efectivos do concello ter todas as contratacións licitadas. Polo tanto estanse a adoptar medidas que permitan ir realizando as ditas contratacións con todos os requisitos previstos na Lei de contratos, así coma a emisión das correspondentes providencias.*

*A maior abundamento, faise constar que a situación derivada da falta de persoal e deficiencias na organización e protocolización, fai que moitas das ditas tarefas administrativas sexan realizadas polos propios concelleiros e o alcalde directamente, tanto solicitudes de subvencións, xustificacións das mesmas ou informes, coma escritos de contestación a requirimentos doutras administracións, chegando nalgunha ocasión a ter que ser os propios membros do goberno os que se adicaran a recoller o lixo, limpar o cemiterio municipal, pechar o mercado municipal, etc; o que denota claramente a imposibilidade que existe na actualidade de realizar con persoal desta administración gran parte do traballo diario, sendo máis que urxente unha modificación legal que permita a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de reposición, sendo esta case a única opción contemplada a día de hoxe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Sen lugar a dúbidas, esta modificación legal permitiría acometer os cambios na xestión e organización administrativa de cara a ir adecuando os procedementos ao cumprimento de todos os requisitos esixidos pola normativa.

Logo de ver que no informe de Intervención se sinala o incumprimento da normativa de contratación, sendo que se están dando os pasos necesarios para incoar os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación; e isto tendo en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios legislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requirimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas, situación posta de manifesto de forma reiterada nos sucesivos informes emitidos polos xefes de departamento.

Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos cara ao cumprimento de todas as carencias sinaladas, tal e como leva facendo dende a pasada lexislatura, intentando dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos, e regularizar a situación do persoal e a súa reorganización, así como desenvolver as contratacións de servizos, téndose delegado incluso algún expediente de contratación na Deputación da Coruña para a súa licitación, como por exemplo o de dependencia.

Tendo en conta ademais que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, xa que por parte dos membros do Goberno "esprémense ao máximo" os fondos cos que contan en cada unha das áreas, tentando así optimizar ao máximo os recursos económicos cos que conta esta administración, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, e continuar dando cumprimento aos prazos legais para realizar o pagamento das facturas a provedores,

Ademais, cómpre deixar claro que aplicar a nulidade deste procedemento coas consecuencias derivadas da mesma, suporía de facto a partir dese momento, a paralización total da prestación de servizos por parte desta administración, e polo tanto o "peche deste Concello", por non poder prestar practicamente ningún tipo de servizo á veciñanza,

Polo tanto, procede solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos, sen prexuízo de continuar mellorando a tramitación administrativa dos expedientes e dar cumprimento a toda a normativa de aplicación

Tendo en conta o informe desfavorable coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir emitido pola secretaria accidental en data 14/03/2024

**PROPOÑO** que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e recoñecer os seguintes gastos a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gasto correspondente ao exercicio 2023 de acordo co seguinte:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a) A facturas, por importe total de **129.429,90 euros**, correspondentes a traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2023 que non se tramitaron no dito exercicio e se contabilizaron na conta 413, pendente de aplicar a orzamento a 31/12/2023, e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no presente exercicio e polo tanto, aplícalas ao orzamento de 2024:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Dto	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre	Progr	Econ	Nº Operación
F/2023/773	10/03/2023	VIDEO 2023 14	4.658,50	32697350K	FERNANDEZ FERNANDEZ CARLOS	GRABACIÓN E EDICIÓN REPORTAXES ENTREGA GALARDÓNS DEPORTISTAS	341	22602	22023001 2935
F/2023/866	27/03/2023	A 10	9.135,50	B70571765	OFIMAY EVENTOS,S.L	ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN DE COMPARSAS E CONCURSO 21/02/23	338	22799	22023001 2936
F/2023/1078	13/04/2023	2023 2	6.990,00	G15250871	ESCOLA MUSICA CHARAMELA	ACTUACIÓNS SEMANA SANTA 2023. D. ADX	334	22609	22023001 2937
F/2023/1166	22/04/2023	F 230001	5.808,00	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓNS MENSUALES ENFOQUES (XANEIRO A DECEBRO 2022). D. ADX			22023001 2938
F/2023/1283	11/05/2023	F 230066	1.694,00	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	FALDON PUBLICITARIO MERCA PONTEDEUME (XANEIRO-ABRIL 23), D. ADX	430	22602	22023001 2939
F/2023/1695	07/06/2023	VT23 273	2.000,00	B15080708	HERMANOS GABEIRAS, S.L.	TRANSPORTE DE VIAXEIROUS CLUBES DEPORTIVOS EUMESSES (28/05/2023, 03/06/2023 E 04/03/2023), D. ADX	341	22799	22023001 2941
F/2023/1705	08/06/2023	A 51	1.730,30	B70598974	SANTACOMPAÑA PRODUCCIONES, S.L.	ALUGUER MOBILIARIO CASTELO FOLK - 4 XUÑO	334	20500	22023001 2942
F/2023/1794	26/06/2023	Emit- 30	1.663,75	B15659790	PERAGALLO, S.L	XIII FEIRON MEDIEVAL DOS ANDRADE XULLO/2023 ( CREACIÓN IMAXE, ILUSTRACIÓN, DESEÑO E IMPRESIÓN CARTEIS...)	338	22602	22023001 2943
F/2023/1824	03/07/2023	42	1.000,00	G15512502	ASOCIACION DE VOLUNTARIOS AVAN	AMBULANCIA E 2 TECNICOS EMERXENCIAS SANITARIAS FESTA MEDIEVAL DOS ANDRADE. 30/06/2023 E 01/07/2023.-	334	22799	22023001 2944
F/2023/2012	06/07/2023	P23 004978	1.270,50	A15000649	LA VOZ DE GALICIA,S.A.	ANUNCIO XIII FEIRÓN MEDIEVAL DOS ANDRADE EL COMARCAL FERROL.-	338	22602	22023001 2947
F/2023/2050	10/07/2023	Emit 07	3.206,50	B37422052	TEATRO DE LA SACA, SL	COORDINACIÓN, XESTIÓN E ORGANIZACIÓN FEIRÓN MEDIEVAL DOS ANDRADE 2023	338	22799	22023001 2948
F/2023/2080	15/07/2023	FE 00000081	1.423,96	B27382175	ALCOR SEGURIDAD, SL	CONTRATO Nº: LU-- 085/23, SERV, VIXIANCIA E PROTECCIÓN 30 XUÑO Ó 3 XULLO 2023, CASCO HISTÓRICO	338	22701	22023001 2949
F/2023/2088	18/07/2023	F 230074	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL ENFOQUES MAIO 2023. D, ADX	430	22602	22023001 2950
F/2023/2093	19/07/2023	23 44	2.117,50	B70337555	JESUS E JORGE SONIDO E ILUMINACION, S.L.	MONTAXE SONIDO, ILUMINACIÓN, ESCENARIO,TÉCNICO AXUDANTE FERIA MEDIEVAL 2023	338	22799	22023001 2951
F/2023/2101	28/07/2023	A 59	1.566,95	B70598974	SANTACOMPAÑA	ALUGUER E MONTAXE	338	20500	22023001



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					PRODUCCIONES, S.L.	VALLAS FEIRA MEDIEVAL (30/06-1,2/07)			2952
F/2023/2317	10/08/2023	23- 165	1.713,30	B15815335	IGMAR SERVICIOS ACUSTICOS SL	ALUGUER ILUMINACIÓN, SON TRASNOCHADORES DEL EUME (06-08-2023)	338	20300	22023001 2954
F/2023/2318	10/08/2023	23- 164	3.324,73	B15815335	IGMAR SERVICIOS ACUSTICOS SL	ALUGUER SON E ILUMINACIÓN FESTIVAL FOLCLÓRICO ORBALLO, D. ADX	334	20300	22023001 2955
F/2023/2342	15/08/2023	A 77	9.317,00	B70598974	SANTACOMPAÑA PRODUCCIONES, S.L.	ALUGUER E MONTAXE DE INFRAESTRUCTURAS FESTIVAL FOLKLORICO INTERNACIONAL, 4/5 AGOSTO	334	20300	22023001 2956
F/2023/2368	23/08/2023	AA23 000310	9.438,00	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	INSTALACIÓN ELÉCTRICA FEIRON MEDIEVAL, 30 XUÑO, 1,2 XULLO 2023	338	22799	22023001 2957
F/2023/2376	24/08/2023	2023 000051	1.500,00	B70571989	ESPECTACULOS GUTI SL	ACTUACIÓN DUO XILO E CARLOS MANTEIGA EN BOEBRE, 24/07/2023	338	22609	22023001 2958
F/2023/2469	03/09/2023	FA2023 0884	6.300,00	G36040764	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO	CANON ORGANIZACION LVI DESCENSO INTERNACIONAL DO RIO EUME	341	22609	22023001 2959
F/2023/2502	05/09/2023	1 43	1.875,50	B70499157	FIFIFER SERVICIOS, S.L.	CARPA DE 10X20 DO 14-16 DE AGOSTO FESTA CENTROÑA	338	20500	22023001 2960
F/2023/2660	16/09/2023	factura 16	4.719,00	B15505902	BLANCO RIEINUVI, S.L.	ILUMINACIÓN FESTA DAS PERAS	338	22799	22023001 2961
F/2023/2700	22/09/2023	Rect- Emit- 17467	495,00	A15066814	EMPRESA GILSANZ, S.A	PLAIA FLUVIAL TAPIA (AMES) DESDE PONTEDEME, 05/08/23	341	22300	22023001 2962
F/2023/2750	29/09/2023	1	5.610,00	G01767912	ASOCIACION CULTURAL AFUERENYO MUSIC	ORGANIZACIÓN FESTIVAL O ENCONTRO MIGRANTE 2023 NA PRAZA DA CALZADA, 9 E 10 DE SETEMBRO	334	22799	22023001 2963
F/2023/3031	31/10/2023	A 96	332,75	B70598974	SANTACOMPAÑA PRODUCCIONES, S.L.	ALUGUER, TRANSPORTE E MONTAXE DE VAIAS 29/09/2023	334	21500	22023001 2964
F/2023/3065	03/11/2023	F 230138	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL ENFOQUES.GAL, OUTUBRO 2023, D. ADX	334	22602	22023001 2965
F/2023/3253	09/11/2023	F 230126	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL ENFOQUES SETEMBRO 2023, D. ADX	334	22602	22023001 2967
F/2023/3264	13/11/2023	A 32	726,00	B70571765	OFIMAY EVENTOS.S.L	ALUGUER DECORACIÓN GLORIETA POR SAMAIÍN	334	20300	22023001 2968
F/2023/3300	23/11/2023	Emit- 2636	2.178,00	B15405772	JOSE BOUZA E HIJOS, S.L.	ALUGUER, MONTAXE E TRANSPORTE CARPA 15X30 FESTAS NOGUEROSA, 22, 23 E 24 SETEMBRO 2023	338	20500	22023001 2969
F/2023/3339	05/12/2023	F. GALICIA 23 4	5.407,19	G62484480	STOP ACCIDENTES	OBRADOIROS DE COTINUIDADE E POSTA EN MARCHA DO CAMIÑO ESCOLAR SEGURO. CEIP C. FREIJOMIL E CPR PLURINGÜE SAN JOSE	334	22609	22023001 2970
F/2023/3521	13/12/2023	01 00000109	15.911,50	B15405038	MONTAJES AS PONTES S.L.	TRABALLOS DE ILUMINACIÓN NAVIDEÑA DO 24/11/22 Ó 18/01/23, D. ADX	334	22799	22023001 2971
F/2023/3570	18/12/2023	F 230151	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL MES DE NOVEMBRO 2023, D. ADX	334	22602	22023001 2972
F/2023/3573	18/12/2023	68/23	520,00	G15512502	ASOCIACION DE VOLUNTARIOS AVAN	AMBULANCIA MEDICALIZADA TRAIL 10/12/23, DE 09.00 A 14.30	341	22799	22023001 2973





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

F/2023/3624	27/12/2023	Emit- 343	1.173,70	76415003X	CALVO TENREIRO ANA MARIA	TALONARIOS TORREÓN E ALBERGUE, D. ADX	4321	22199	22023001 2976
F/2023/3631	27/12/2023	AA23 000476	1.026,85	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	MATERIAL ELÉCTRICO C.E.I.P. COUCEIRO FREIJOMIL E CEIP ANDRADE	3231	22000	22023001 2977
F/2023/3632	27/12/2023	2023 48	4.598,00	76400070G	CENDAN MARTINEZ JUAN JOSE	8 unidades de plataforma para actos diversos de 172x129x31 en madera de pino rojo barnizados al natural para escuela uni	3231	22199	22023001 2978
F/2023/3640	27/12/2023	2023 55	266,20	76400070G	CENDAN MARTINEZ JUAN JOSE	TRABALLOS REPOSICIÓN BISAGRAS DE ACEIRO CRISTALEIRA CHALET ROSA	3232	21200	22023001 2979
F/2023/3650	28/12/2023	F 230102	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL ENFOQUES XULLO 2023, D. ADX	334	22602	22023001 2981
F/2023/3651	28/12/2023	F 230116	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL ENFOQUES AGOSTO 2023, D. ADX	334	22602	22023001 2982
F/2023/3652	28/12/2023	F 230087	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL ENFOQUES XUÑO 2023, D. ADX	334	22602	22023001 2983
F/2023/3654	28/12/2023	2023 148	4.598,00	76400070G	CENDAN MARTINEZ JUAN JOSE	REPARACIONES NO COLEXIO DE OMBRE	3231	63200	22023001 2984
F/2023/3659	29/12/2023	Galicia G-0694-23	443,22	B33065251	SANIASTUR SL	SERVIZO DESRATIZACIÓN SUMIDOIRO DECEMBRO 2023	311	22700	22023001 2987
F/2023/3662	29/12/2023	E2023- 33	726,00	B15970049	IDANET DATA SL	ALOXAMENTO SOPORTE TÉCNICO SERVIZO RESERVAS PONTEDEUME GAL (XULLO-DECEMBRO 2023) D, ADX	340	22200	22023001 2990

**b) Facturas incluídas na relación F/2024/3, por importe total de 58.396,07 euros, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2023 e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no exercicio 2024 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2024:**

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Dto	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ
F/2024/1	09/01/2024	S 761	31/12/2023	2.962,08	B15261167	SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA S.L. (SEDEGA)	ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DECEMBRO 2023- 103 H. D. ADX	341	22730
F/2024/2	09/01/2024	2023//3391	31/12/2023	2.818,49	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, SL	SERV. LIMPEZA CEIP ANDRADE (01/12/2023-31/12/2023)	3231	22700
F/2024/3	09/01/2024	2023//3392	31/12/2023	4.232,25	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, SL	SERV. LIMPEZA CEIP COUCEIRO (01/12/2023-31/12/2023)	3231	22700
F/2024/4	09/01/2024	L3 1192	31/12/2023	13.254,21	32644974Q	LOPEZ VAZQUEZ ALBERTO	SERV. CONSEXERÍAS VARIOS EDIFICIOS CONCELLO, DICIEMBRE 2023		
F/2024/5	09/01/2024	V3 422	31/12/2023	2.420,00	B15734478	VAZQUEZ GARZON, S.L.	LIMPEZA VIARIA DICIEMBRE DE 2023	163	22799
F/2024/8	09/01/2024	F 230171	31/12/2023	423,50	B70604137	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	INSERCIÓN MENSUAL ENFOQUES MES DE DECEMBRO 2023, D. ADX	338	22602
F/2024/12	09/01/2024	OTR 230205	31/12/2023	262,57	B15643240	SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA, S.L.	ESTANCIA, MANUTENCIÓN, CUSTO DIA ANIMAIS CENTRO ACOLLIDA GATO (DECEMBRO 2023)	311	22700
F/2024/13	09/01/2024	OTR 230206	31/12/2023	262,57	B15643240	SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA, S.L.	ESTANCIA, MANUTENCIÓN, CUSTODIA ANIMAIS	311	22700



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							CENTRO ACOLLIDA PERRO (DECEMBRO 2023)		
F/2024/14	09/01/2024	Emit 23-0066	22/11/2023	1.210,00	B70290689	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALE S S.L.	FIESTA SAMAÍN 2023, ESPECTÁCULO CON ANIMACIÓN MUSICAL ""CANTABAILA"", 31/10/23	338	22609
F/2024/16	09/01/2024	3346404833	31/12/2023	66,55	A50001726	SCHINDLER, S.A.	MANTEMENTO ASCENSOR ESCOLA INFANTIL (2023-12-01/2023-12-31)	3232	21300
F/2024/20	09/01/2024	3346404831	31/12/2023	199,65	A50001726	SCHINDLER, S.A.	MANTEMENTO ASCENSOR CEIP ANDRADE (2023-10-01/2023-12-31)	3231	21300
F/2024/36	09/01/2024	FE2332144 9045149	01/12/2023	569,18	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E COUCEIRO FREIJOMIL,5, CUPS ES0397000005803593KN 1P, (26/10/2023 - 25/11/2023), D. ADX	3321	22100
F/2024/37	09/01/2024	FE2332144 9270511	04/12/2023	192,87	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E TORREON, CUPS ES0397000008066039VV 1P (27/10/2023 - 23/11/2023), D. ADX	4321	22100
F/2024/42	09/01/2024	FE2332144 9939459	11/12/2023	728,57	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E CONVENT 0001 CUPS ES0397000005803356BM 1P (01/11/2023 - 30/11/2023) D. ADX.	334	22100
F/2024/44	09/01/2024	FE2332144 9939460	11/12/2023	1.027,10	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E PARROQUIA ANDRADE COLEXIO CUPS ES0022000004989299CB 1P (01/11/2023 - 30/11/2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/47	09/01/2024	FE2332144 9939452	11/12/2023	3.371,86	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E COLEXIO FREIJOMIL CUPS ES0397000005804635CL 1P (01/11/2023 - 30/11/2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/51	09/01/2024	FE2332144 9564586	07/12/2023	1.115,40	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E CONDE CUPS ES0022000009113646PK 1P (01/11/2023 - 30/11/2023) D.ADX.	4312	22100
F/2024/55	09/01/2024	FE2332144 9637028	07/12/2023	222,40	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E MARINA CUPS ES0397000007723639BH 1P (01/11/2023 - 30/11/2023) D.ADX.	334	22100
F/2024/59	09/01/2024	FE2332145 0232002	13/12/2023	643,20	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E GANDARA CUPS ES0397000005802679GH 1P (02/11/2023 - 04/12/2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/61	09/01/2024	FE2332145 0231999	13/12/2023	1.781,42	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E PAVILLON A CASQUEIRA CUPS ES0397000005804602LD 1P (01/11/2023 - 30/11/2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/69	09/01/2024	FE2313702 7757112	03/12/2023	85,30	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E RICARDO SANCHEZ CUPS S0397000005805296AJ1 P (30/10/2023 - 28/11/2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/76	09/01/2024	FE2313702 8018920	06/12/2023	24,94	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR VIZUS CUPS ES0397000005802230PY 1P (26/09/2023 - 29/11/2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/77	09/01/2024	FE2313702 8019860	06/12/2023	56,85	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E PRAZA CONDE CUPS ES0397000005803334XY 1P (28/10/2023 - 28/11/2023) D.ADX.	4312	22100
F/2024/80	09/01/2024	FE2313702 8090960	10/12/2023	18,50	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR LAMEIRO COLEGIO CUPS ES0022000004989293C M1P (26/09/2023 - 28/11/2023) D.ADX.	3231	22100



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

F/2024/88	09/01/2024	FE2313702 7783450	03/12/2023	19,53	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E RUA SOUTO DA VILA CUPS ES0397000005805631HA 1P (30-10-2023 / 28-11- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/94	09/01/2024	FE2313702 8289957	11/12/2023	84,63	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E AVD RICARDO SÁNCHEZ CUPS ES0397000008140087VM 1P (27-10-2023 / 26-11- 2023) D.ADX.	3232	22100
F/2024/96	09/01/2024	FE2313702 8297917	11/12/2023	56,57	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR VIZUS CUPS ES0397000005802273XA 1P (02-11-2023 / 03-12- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/97	09/01/2024	FE2313703 0087243	26/12/2023	78,72	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E AVDA RICARDO SÁNCHEZ CUPS ES0397000005805296AJ 1P (29-11-2023 / 20-12- 2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/99	09/01/2024	FE2313702 8087528	10/12/2023	250,43	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR PARGA CUPS ES0397000005801958LX 1P (01-11-2023 / 30-11- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/101	09/01/2024	FE2313702 8010940	06/12/2023	39,72	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR ESTEIRO CUPS ES0397000005802532KD 1P (02-11-2023 / 29-11- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/111	09/01/2024	FE2313702 8758200	17/12/2023	9,54	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR SOBRADO CUPS ES0397000005802864NL 1P (02-11-2023 / 04-12- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/118	09/01/2024	FE2313702 8006117	06/12/2023	27,21	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LAMEIRO CUPS ES0022000007892900VT 1P (01-11-2023 / 30-11- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/131	09/01/2024	FE2313703 0108769	26/12/2023	15,74	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E RUA SOUTO DA VILA CUPS ES0397000005805631HA 1P (29-11-2023 / 21-12- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/138	09/01/2024	FE2313702 9033219	18/12/2023	95,50	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR PIA CUPS ES0397000005801492EG 1P (02-11-2023 / 04-12- 2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/149	09/01/2024	FE2313702 7796610	03/12/2023	46,19	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR GANDARA CUPS ES0397000005802686M W1P (30-10-2023 / 29-11- 2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/153	09/01/2024	FE2313703 0119580	26/12/2023	20,08	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR GANDARA CUPS ES0397000005802686M W1P (30-11-2023 / 21-12- 2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/157	09/01/2024	FE2313702 8301611	11/12/2023	41,36	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR CALDAGUEIRO CUPS ES0397000005802319NA 1P (02-11-2023 / 03-12- 2023) D.ADX.	342	22100
F/2024/162	09/01/2024	FE2313702 8347712	12/12/2023	105,35	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E MUELLE CUPS ES0022000009040018G Q1P (01-11-2023 / 30-11- 2023) D.ADX.	4312	22100
F/2024/174	09/01/2024	FE2313702 8014052	06/12/2023	24,94	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR VIZUS CUPS ES0397000005802231PF 1P (26-09-2023 / 29-11- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/183	09/01/2024	FE2313702 8084079	10/12/2023	274,10	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E LUGAR LAMEIRO COLEXIO CUPS ES0022000007384944BE 1P (02-11-2023 / 04-12- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/243	17/01/2024	FE2413700 0988684	12/01/2024	832,90	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS	E/E AVDA RICARDO SÁNCHEZ CUPS	3232	22100



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

						& POWER, S.A.	ES0022000001266594ZV 1P (01-12-2023 / 31-12-2023) D.ADX.		
F/2024/245	17/01/2024	01 463	31/12/2023	6.621,12	B27278845	A BILLARDA S.L.	MONITORAXE TALLERES SOCIOCULTURALS CURSO 2023/2024 NOVEMBRO/DECEMBRO O 2023	334	22711
F/2024/251	19/01/2024	F 2302604	31/12/2023	771,74	B15412307	COMBUSTIBLES RIO EUME, S.L	SUMINISTRO GASOLEO VÍAS E OBRAS, 3369CCV, 5941HWK, C104163VE, C112896VE, DECEMBRO 2023	450	22103
F/2024/293	31/01/2024	FE2332143 9671229	07/09/2023	347,03	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPUESTO ELECTRICIDAD ALMACÉNS RAXOI CUPS ES0397000007723639BH 1P (01/08/2023 - 31/08/2023) D.ADX.	334	22100
F/2024/308	01/02/2024	FE2332143 9671237	07/09/2023	262,65	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPUESTO ELECTRICIDAD CONVENTO CUPS ES0397000005803356BM 1P (01/08/2023 - 31/08/2023) D.ADX.	334	22100
F/2024/337	04/02/2024	FE2432145 3182588	13/01/2024	1.479,35	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE PZA CONDE CUPS ES0022000009113646PK 1P (01/12/2023 - 31/12/2023) D.ADX.	4312	22100
F/2024/341	04/02/2024	FE2432145 1976770	03/01/2024	521,44	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE RUA COUCEIRO FREIJOMIL CUPS ES0397000005803593KN 1P (26/11/2023 - 20/12/2023) D.ADX.	3321	22100
F/2024/344	04/02/2024	FE2432145 3182400	13/01/2024	456,32	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE A GÁNDARA CUPS ES0397000005802679GH 1P (05/12/2023 - 01/01/2024) D.ADX.	342	22100
F/2024/345	04/02/2024	FE2432145 3182391	13/01/2024	270,37	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE ALMACÉNS RAXOI CUPS ES0397000007723639BH 1P (01/12/2023 - 31/12/2023) D.ADX.	334	22100
F/2024/346	04/02/2024	FE2432145 3182405	13/01/2024	614,68	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE CONVENTO CUPS ES0397000005803356BM 1P (01/12/2023 - 31/12/2023) D.ADX.	334	22100
F/2024/348	04/02/2024	FE2432145 3182394	13/01/2024	2.975,39	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE COLEXIO COUCEIRO FREIJOMIL CUPS ES0397000005804635CL 1P (01/12/2023 - 31/12/2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/349	04/02/2024	FE2432145 3182406	13/01/2024	919,48	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE COLEXIO ANDRADE CUPS ES0022000004989299CB 1P (01/12/2023 - 31/12/2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/356	04/02/2024	FE2432145 3182393	13/01/2024	1.830,73	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.	E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE PAVILLÓN MPAL CASQUEIRA CUPS	342	22100



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

									ES039700005804602LD 1P (01/12/2023 - 31/12/2023) D.ADX.		
F/2024/364	04/02/2024	FE2432145 2247876	04/01/2024	248,79	A08431090	NATURGY IBERIA S.A.			E/E IMPOSTO ELECTRICIDADE TORREÓN CUPS ES0397000008066039VV 1P (24/11/2023 - 20/12/2023) D.ADX.	4321	22100
F/2024/412	07/02/2024	FE2413700 0405047	11/01/2024	255,10	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E LUGAR LAMEIRO CUPS ES0022000007384944BE 1P (05-12-2023 a 01-01- 2024) D.ADX.	3231	22100
F/2024/419	07/02/2024	FE2413700 0432375	11/01/2024	303,61	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E LUGAR PARGA CUPS ES0397000005801958LX 1P (01-12-2023 a 31-12- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/421	07/02/2024	FE2413700 0435606	11/01/2024	7,88	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E LUGAR SOBRADO CUPS ES0397000005802864NL 1P (05-12-2023 a 30-12- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/424	07/02/2024	FE2413700 0418726	11/01/2024	28,80	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E LUGAR LAMEIRO CUPS ES0022000007892900VT 1P (01-12-2023 a 31-12- 2023) D.ADX.	3231	22100
F/2024/426	07/02/2024	FE2413700 0139551	07/01/2024	64,21	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E PRAZA CONDE CUPS ES0397000005803334XY 1P (29-11-2023 a 28-12- 2023) D.ADX.	4312	22100
F/2024/435	07/02/2024	FE2413700 0418939	11/01/2024	92,66	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E AVD RICARDO SÁNCHEZ ESCOLA INFANTIL CUPS ES0397000008140087VM 1P (27-11-2023 a 20-12- 2023) D.ADX.	3232	22100
F/2024/444	07/02/2024	FE2413700 0432284	11/01/2024	89,71	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E LUGAR PÍA CUPS ES0397000005801492EG 1P (05-12-2023 a 01-01- 2024) D.ADX.	342	22100
F/2024/448	08/02/2024	FE2413700 0440140	11/01/2024	78,72	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E LUGAR VIZUS CUPS ES0397000005802273XA 1P (04-12-2023 a 01-01- 2024) D.ADX.	3231	22100
F/2024/459	08/02/2024	FE2413700 0936111	12/01/2024	132,85	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E MUELLE CUPS ES0022000009040018G Q1P (01-12-2023 a 31-12- 2023) D.ADX.	4312	22100
F/2024/467	08/02/2024	FE2413700 0450201	11/01/2024	51,47	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.			E/E LUGAR CALDAGUEIRO CUPS ES0397000005802319NA 1P (04-12-2023 a 01-01- 2024) D.ADX.	342	22100

**TERCEIRO.-** Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno."

A presidencia abre a quenda para o debate

...//....

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 5**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(5): , D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>Alejandra Bellón Tenreiro e Don Isaac Alejandro García Otero; e **2 ABSTENCIÓNS** da concelleira do Grupo Municipal do BNG (1) D<sup>a</sup>.Rocio Souto Torre e da concelleira do Grupo Municipal do PP (1), D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, Concelleira de delegada da área de Servizos sociais, Igualdade e Economía e Facenda** para indicar que hai un erro na proposta xa que no resolvo primeiro apartado a; na táboa figura as seguintes facturas:

...//...									
F/2023/3632	27/12/2023	2023 48	4.598,00	76400070G	CENDAN MARTINEZ JUAN JOSE	8 unidades de plataforma para actos diversos de 172x129x31 en madeira de pino rojo barnizados al natural para escuela uni	3231	22199	22023001 2978
....//....									
F/2023/3654	28/12/2023	2023 148	4.598,00	76400070G	CENDAN MARTINEZ JUAN JOSE	REPARACIONES NO COLEXIO DE OMBRE	3231	63200	22023001 2984

cando só debería figurar a factura con rexistro de entrada no concello F/2023/3654, xa que a pesar de que teñen distinta numeración e concepto, son facturas duplicadas; polo que o importe total do recoñecemento que aparece no resolvo primeiro apartado a) pasaría de 129.429,90 € a 124.831,90

Toma a palabra **dona Rocío Souto Torre**, concelleira do BNG, para preguntar sobre as facturas da empresa Enfoques, xa que ve que pasan as mensualidades de xaneiro a decembro e despois hai outras facturas noutros meses polos mesmos conceptos.

Responde **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para indicar que non detallan o concepto, non especifican en concreto a que servizo se refiren, pero esas factura son a publicidade de eventos concretos, tales como a feira medieval ou a “Fashion nigh”. Indica que unha cousa son as “novas” e outra as publicidades aparte onde se da máis difusión a un evento concreto. Entende que en verdade a empresa debería especificar en concreto a publicidade que da pero nestes casos non o fixo.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do Grupo Municipal do PP**, para indicar que non so especificar, senón que ve no listado que hai facturas moi atrasadas, que observa que o habitual é que as empresas facturen aos dous meses... pero hai casos de facturas presentadas con 6-7 e 8 meses de atraso logo da prestación do servizo; que no listado os conceptos deberían estar detallados porque teñen que saber o que van votar; e que hai que xestionar doutro xeito, que non pode ser que se cheguen facturas con tantos atrasos, hai que darlle unha solución porque se se segue facendo estarán sempre na mesma situación.

Interven don **Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP** para indicar que os responsables á hora de asinar son eles







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervén **dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE**, indicando que as empresas soen rexistrar as facturas bastante tarde para indicar que neste ano 2024 traballan co departamento da Intervención municipal para que as empresas detallen especificamente os traballos que se están a facturar.

Pregunta **dona Rocío Souto Torre do BNG**, se nas bases de contratación desas actividades non figuran as condicións para presentar o servizo; e pregunta quen protexe a administración; se as empresas non cumpren as bases de contratación, non detallan e non presentan as facturas en tempo e forma... di que entón *"haberá que tiralle da orellas porque como din vostedes non imos paralizar o concello"*; indica que as empresas teñen que cumprir todas e sobre todo as empresas que van con contratos *"daquela maneira"* informados pola secretaria municipal durante anos do mesmo xeito; e preguntase de quen é a culpa. Continúa dicindo que ao final se está falando de cousas que non afectan directamente ao cidadán, e de cantidades importantes de cartos que non se destinan a outros fines. Di que vai sendo hora de que isto remate, que o caciquismo quedou no século pasado.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** en funcións para responderlle a Sr. Souto Torre para indicarlle que a palabra "caciquismo" sobra que non existe caciquismo de ningún tipo; que todas as facturas que se traen a aprobar está xustificadas; que pode ser que o concepto non veña detallado ao 100 % na propia factura e que o departamento da Intervención municipal está á disposición dos grupos para que vos indique os detalles das facturas; e indica que as facturas entran no concello a través do rexistro de entrada, polo que se a empresa tarda seis meses en presentar a factura a culpa non pode ser do goberno.

Interfire polo medio da palabra do Sr. Presidente **dona Rocío Souto Torre, do BNG** para indicarlle que non todas as facturas están detalladas, porque os informes así o indican, e que as empresas teñen que cumprir coa legalidade vixente.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, do PSdeG-PSOE**, que hai moitas empresas que non teñen unha xestoría detrás e que funcionan bastante mal á hora de facturar; que di textualmente *"que hai propósito de enmenda"* por parte do goberno para corrixir estes problemas de presentación e detalle das facturas; que dende principios de ano, se está a traballar coa intervención e se devolveron xa moitas facturas mal presentadas porque non cumprían.

Toma a palabra **dona Rocío Souto Torre, do BNG**, para indicar que ela leva como concelleira dende o 2016-2017 (di que non lembra ben a data), e que o goberno do PSOE xa levaba 4 anos e xa estaban traballando no mesmo tema; polo que di textualmente *"xa vai sendo hora, de verdade"*.

Toma a palabra **dona M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana do PSdG-PSOE**, dicindo que a situación ideal para a administración estatal, autonómica, provincial e local sería que os gastos a xustificar coincidiran ao céntimo co establecido no orzamento; pero a realidade é que ao longo do exercicio presentanse imprevistos que hai que atender; se son da mesma natureza que o orzamentado pódese facer unha modificación urxente cando a partida dispoña de crédito; e senón é o caso hai que facer un recoñecemento extraxudicial de crédito; que tamén se debe facer ese recoñecemento coas facturas correspondentes a servizos realizados que as



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

empresas polos seus sistemas de facturación presentan a final de ano e incluso no ano seguinte.

Continúa dicindo a **Sra Huertas**, que ten que recoñecer o enorme traballo realizado no mes de decembro polos catro traballadores do departamento de Intervención, que foron quen de tramitar o pagamento de 789 facturas por importe de 942.899,80 euros reducindo enormemente o recoñecemento extraxudicial de crédito para o ano 2024. Indica que o recoñecemento é necesario porque de non ser así incumpríriase os prazos regulados na normativa de morosidade; que as facturas están debidamente conformadas, as prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de material téñense realizados; e se non fosen aboadas as empresas poderían acudir a vía xudicial, que seguramente perderíamos e suporía engadir á factura o custe de intereses e gastos procesais; di que existe crédito nas aplicación do orzamento do exercicio 2024 para facer fronte ao seu recoñecemento e aprobación.

Continúa a **Sr. Huertas** dicindo que é unha prioridade para o goberno municipal licitar toda contratación pendente e poder regularizar a situación por un lado, e por outro evitar os continuos informes negativos; pero a falta da técnica ou técnico de contratación esta provocando atrasos. Di que neste momento hai en trámites varios expedientes de contratación abertos, con pregos económicos, técnicos e administrativos redactados, algún deles dende hai anos o que xa provocou que se tivesen que modificar para axustarse aos novos custos e novas normas; e que están pendentes unicamente do informe de secretaria. Indica que a solución pasa por reorganizar o traballo no departamento de secretaria, darlle prioridade a tramitación dos contratos e convenios pendentes para o bo funcionamento deste concello, reducir as colaboracións como tribunais noutros concellos, a asistencia a cursos e aprazar os longos informes que non sexan nin vinculantes nin preceptivos; que consideramos necesarios para mellorar a xestión ata que as tarefas atrasadas estean ao día.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, para indicar que o voto do BNG non pode ser a favor, en primeiro lugar porque o propio goberno recoñece que o expediente van incluídas facturas sen xustificación e que a xestión coas empresas “é como familiar”; en segundo lugar porque aparecen no listado facturas que non saben a que traballos se refiren ou con conceptos case como duplicados; e por riba figuran os informes negativos da Intervención municipal que pon reparos; e o da Secretaría municipal aínda é máis duro. Indica que se se tratase de recoñecer facturas do mes de decembro, pois poderían estar a favor, que sería o normal para este tipo de procedemento; continúa dicindo que o goberno municipal usa esta ferramenta do recoñecemento fóra, di textualmente “*un pouco do que esta deseñada*”

Toma a palabra **dona M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana do PSdG-PSOE** para indicar que as facturas que se inclúen no listado son aquelas que as empresas non achegaron a tempo ou aquelas que non foi posible facer unha RC para a súa tramitación; di que todas as facturas están rexistradas e levan asociados uns informes, incluso fotografías dos traballos que se fan, ás veces hai varios orzamento.

Continúa o debate en torno as facturas presentadas pola empresa Enfoques, e entón toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, do PSdeG-PSOE** para facer unha puntualización indicando que o xornal “Enfoques” é comarcal e serve de publicidade para moitos concellos de todas as cores políticas, é chega a xente da comarca; e ao igual que con outros medios como La Voz de Galicia, cas radios, fanse difusión da xestión, da cultura, das actividades dando



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

publicidade ao Concello de Ponte deume. Continúa dicindo que o goberno ten un concepto de facilitar a contratación de autónomos, de xente da comarca, de xente da vila, que igual non traballan con xestorías e preguntase se esa xente, que ao mellor non ten os coñecemento adecuados, non ten dereito para traballar para a administración.

Intervén **dona Rocío Souto Torre, do BNG**, para indicar que dereito terán pero que deben cumprir cos pregos o mesmo que os demais.

Pregunta **don Luis Pena Mosquera, do BNG**, entón para que se rechazan as facturas?. Di que todo hai que facelo ben.

Intervén **dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdeG-PSOE**, que di que as facturas se están mal hai que dicirlles que as teñen que corrixir, e que parece que os lles están achacando de traballar con empresas familiares con contratos mal feitos.

Intervén **dona Rocío Souto Torre, do BNG**, que o de empresas familiares non o dixeron eles, ao contrario, o dixo o goberno, e que as empresas deben entregar en tempo e forma.

Toma a palabra **dona M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana do PSdG-PSOE**, para dicir con respecto ao informe de Secretaria é curioso que a persoa que informa da falta de contratación, de que non se fan ben as cousas por falta de contratación é a mesma persoa que leva meses con contratos enriba da súa mesa di textualmente "*sen mover un dedo*".

Pregunta **don Luis Pena Mosquera, do BNG**, que significa iso, que se o informe esta mal feito ou é a opinión do goberno?

Intervén **dona M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana do PSdG-PSOE** dicindo que é a "*pescadilla que se morde a cola*", non se contrata porque non hai persoal, non se poden sacar a licitación os contratos porque non están feitos e non se poden facer.; e despois se informa de que están mal feitas as cousas, mal pagadas as facturas porque non hai contratos.

Pregunta **don Luis Pena Mosquera, do BNG**, se entón están mal pagadas as facturas?.

Responde **dona M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana do PSdG-PSOE** dicindo que o informe de iso pero que non é verdade.

Pregúntalle **dona Montserrat Pico Rodeiro, do PP**, a Sr. Huertas, se está dicindo que o informe é totalmente erróneo e se está mentindo secretaria.

<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>Ano 2024</b>	<b>Ano 2025</b>	<b>Ano 2026</b>	<b>Ano 2027</b>
C. 8. Activos financeiros	10.000,00	10.000,00	10.000,00	10.000,00
Achegas patrimoniais	10.000,00	10.000,00	10.000,00	10.000,00
Outros gastos en activos financeiros	0	0	0	0





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

C.9. Pasivos financeiros	0	47.118,69	47.118,69	47.118,69
<b>Total de Gastos Financeiros</b>	<b>10.000</b>	<b>57.118,69</b>	<b>57.118,69</b>	<b>57.118,69</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>8.030.800</b>	<b>8.191.818,69</b>	<b>8.107.306,69</b>	<b>8.173.904,69</b>

TOTAL estimación de dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas de ingresos e gastos por evolución tendencial e modificacións de ordenanzas:

TOTAIS	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	Ano 2027
INGRESOS	8.140.000	8.207.320	8.234.739	8.257.256
GASTOS	8.030.800	8.191.818,69	8.107.306,69	8.173.904,69

**SEGUNDO.-** Dar conta aos Servizos Económicos, para que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste Decreto ao Ministerio para dar cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

#### 4. DACIÓN DE CONTA DO DITADO DA ORDE DE DATA 07.03.2024, DA XUNTA DE GALICIA: EXPEDIENTE DE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM DE PONTEDEUME.

A secretaria accidental da lectura a proposta da alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:

##### “PROPOSTA DE ACORDO

**ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

**EXPEDIENTE: 2022/U032/000004-2024/G006/000070**

Tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Ponte deume celebrado en sesión ordinaria de data 30.01.2024, sobre a CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME, no que se acordou:

«**PRIMEIRO.** Aprobar á corrección de erros do Plan Xeral de Ordenación Municipal de



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ponte deume (A Coruña) nos termos indicados na parte expositiva do presente acordo, conforme á documentación técnica presentada en data 04.12.2013, documento con rexistro de entrada 04/12/2023, conforme ao requirimento da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.** De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobará definitivamente, se procede, a corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume, e inscribirá de oficio a corrección de erros no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**TERCEIRO.** De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas, unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico»

Logo de ver a notificación da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo recibida o día 08.03.2024, que indicaba que a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ditaba a orde que se transcribe en estrato:

«Orde de aprobación da corrección de erros materiais na memoria e planos de ordenación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponte deume aprobado definitivamente en data 27 de maio de 2016.

...//...

#### IV.- RESOLUCIÓN

En consecuencia, visto o que antecede, e a proposta literal da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, RESOLVO:

1.- Outorgar a aprobación á presente corrección de erros do PXOM de Ponte deume, segundo a documentación aprobada polo pleno do concello na súa sesión do 30/01/2024 e que afecta ao seguintes documentos:

- Na Memoria Informativa, Epígrafe 5.3.1.5. OUTROS EQUIPAMENTOS, modifica a superficie do equipamento RL-6 en: parágrafo da pax. 258, táboa da pax. 259 do apartado 5.3.1.5., parágrafo da páxina 260, e táboa da páxina 260.
- Na Memoria Informativa, Epígrafe 5.4.5. CADRO RESUMO DE EQUIPAMENTOS E ZONAS VERDES, modifica a superficie do equipamento RL-6 na táboa do apartado 5.4.5.
- PORDa: Substitúe ao Plano O-1, folla 02
- PORDb: Substitúe ao Plano O-3, folla 09

2.- De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo inscribirá de oficio a corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no Boletín Oficial da Provincia a normativa e ordenanzas, unha vez inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo do anterior, esta Alcaldía en funcións formula a seguinte PROPOSTA:

**ÚNICO.**- Dar conta da Orde de 07 de marzo de 2024 ditada pola vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de aprobación da corrección de erros materiais na memoria e planos de ordenación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponte deume aprobado definitivamente en data 27 de maio de 2016”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 5. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2023

A secretaria accidental da lectura a proposta da alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA.**

#### **DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2023**

(Expediente TEdC: 2023/X999/000087, 2023/G006/000069)

De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Logo de ver o expediente co número 2024/X999/000042, no que constan os estados contables da liquidación do orzamento do exercicio 2023

Logo de ver a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro), así como o sinalado no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

Esta alcaldía accidental formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 119/2024 de día 19.03.2024 , de asunto: “Comunicación da remisión da liquidación do exercicio 2023 ao Ministerio de Hacienda e á Xunta de Galicia”



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**SEGUNDO.-** Dar conta da liquidación do orzamento 2023, aprobada por Decreto nº 64/2024 de 21/02/2024, que se transcribe:

«Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2023.-**  
**EXPEDIENTE Nº 2024/G003/000080**

**DON Bernardo Fernández Piñeiro ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, e visto o expediente co número 2024/X999/000042, no que constan os estados contables da liquidación do orzamento do exercicio 2023 así como os informes da Intervención Municipal seguintes:

- Informe de referencia 77/2024, asinado dixitalmente con data do 20/02/2024, de asunto: "Liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2023"

- Informe de referencia 78/2024, asinado dixitalmente con data do 20/02/2024, de asunto: "Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, e do límite de débeda, con motivo da liquidación do orzamento de 2023"

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2023, co seguinte desglose:

Resultado Orzamentario:

<b>DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS</b>	
<b>a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras</b>	9.215.024,71
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	8.189.789,59
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	1.025.235,12
<b>b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros</b>	2.399,94
<b>c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros</b>	0
<b>Total dereitos recoñecidos</b>	9.217.424,65
<b>a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras</b>	7.635.866,15
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	6.829.271,18
a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)	806.594,97
<b>b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros</b>	8.740,16
<b>c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros</b>	0
<b>Total obrigas recoñecidas</b>	7.644.606,31
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES</b>	1.572.818,34
<b>AXUSTES</b>	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	0



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	438.331,99
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	1.069.286,67
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>	<b>941.863,66</b>

### Remanente de Tesourería:

1. Fondos líquidos		549.943,54
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		2.700.283,42
2.a. Do orzamento corrente	1.596.023,13	
2.b De orzamentos pechado	1.078.105,75	
2.c De operacións non orzamentarias	26.154,54	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		730.458,44
3.a. Do orzamento corrente	434.322,63	
3.b. De orzamentos pechados	22.575,45	
3.c. De operacións non orzamentarias	273.560,36	
4. Partidas pendentes de aplicación		-32.848,50
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	63.303,38	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	30.454,88	
<b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</b>		<b>2.486.920,02</b>
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		724.268,31
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		236.566,84
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</b>		<b>1.526.084,87</b>

**SEGUNDO.-** Declarar que tras a aprobación da suspensión temporal das regras fiscais para 2023, cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra de gasto non sería obrigatorio para as entidades locais.

**TERCEIRO.-** Remitir a liquidación aos órganos competentes da Administración do Estado e da Xunta de Galicia.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 6. ASUNTOS DE URXENCIA.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non se presentaron asuntos de urxencia.

### 7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

A secretaria accidental da lectura a proposta da alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

#### **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 23 DE FEBREIRO DO 2024 AO 20 DE MARZO DE 2024 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE MARZO DE 2024**

Expediente TEdC: 2024/G006/000074

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **74/2024** de 23 de febreiro ao **131/2024** de 20 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
2024/G003/000070	Tesourería: padrón caixeiros automáticos exercicio 2024	00074/2024	23-02-2024 14:32
2024/G003/000090	Solicitude subvención agader 2024-25	00075/2024	23-02-2024 14:39
2024/G003/000075	Tesourería: Solicitude xeral a nome de JRF. Solicita: a devolución do importe abonado das devanditas taxas	00076/2024	23-02-2024 15:08
2024/G003/000062	Tesourería: Solicitude xeral a nome de Applus Norcontrol SL. Solicita: solicitamos que lles realicen a devolución	00077/2024	23-02-2024 15:16
2024/G003/000101	Convocatoria Sesión ordinaria do Pleno da Corporación de día 29 de febreiro de 2024	00078/2024	26-02-2024 14:51
2024/G003/000092	Liquidación de tributos-seguros sociais xaneiro 2024	00079/2024	27-02-2024 14:20
2024/G003/000097	Solicitude subvención fondo de compensación ambiental. Vehículo policía local	00080/2024	27-02-2024 14:21
2024/G003/000100	Solicitude subvención servizos sociais 2023. FOPSS Deputación	00081/2024	27-02-2024 14:39
2024/G003/000059	Adscrición de funcionaria administrativa	00082/2024	28-02-2024





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
	ao departamento de intervención- MBVV.		09:37
2024/G003/000096	Elaboración de nóminas documentación nómina mes de febreiro de 2024.	00083/2024	28-02-2024 14:33
2024/G003/000093	Incidencias mensuais nómina mes de febreiro de 2024.	00084/2024	28-02-2024 19:03
2024/G003/000105	Solicitude subvención auditoría. Viaqua	00085/2024	29-02-2024 10:10
2024/G003/000102	Solicitude subvención dixitalización de arquivos	00086/2024	29-02-2024 10:10
2024/G003/000095	Elaboración de nóminas documentación nómina mes de febreiro de 2024.	00087/2024	29-02-2024 10:10
2024/G003/000107	Solicitude subvención Agader 2024-25	00088/2024	29-02-2024 13:50
2024/G003/000108	Delegación de alcaldía-presidencia do 01 ao 11 de marzo (incluídos)	00089/2024	29-02-2024 13:50
2024/G003/000081	Expediente sancionador de tráfico AI9950000030735	00090/2024	01-03-2024 11:01
2024/G003/000082	Expediente sancionador de tráfico AI 9950000030845	00091/2024	01-03-2024 10:58
2024/G003/000098	Expediente sancionador de tráfico AI 9950000030898	00092/2024	01-03-2024 10:51
2024/G003/000104	Proposta de baixa e proposta de aumento de horas no servizo de axuda no fogar de dependencia	00093/2024	01-03-2024 10:46
2024/G003/000110	Solicitude subvención RISGA	00094/2024	01-03-2024 13:57
2024/G003/000106	Solicita a transferencia da licenza de taxi nº 8 a nome de JMCF con DNI 32684079K	00095/2024	01-03-2024 13:58
2024/G003/000112	Tesourería: expediente de variacións/ alteracións padrón lixo 2024.	00096/2024	01-03-2024 15:23
2024/G003/000111	Solicitude subvención infraestruturas turísticas. Lavadoiro de Vizús	00097/2024	05-03-2024 12:36
2024/G003/000109	Elaboración de nóminas-nóminas atrasos 0,5 PIB, xaneiro-dецembro 2023.	00098/2024	06-03-2024 10:36
2024/G003/000103	Solicitude subvención para "Sinalización e mellora de rutas de sendeirismo e ciclismo de montaña no entorno da Ermida de Breamo en Ponte deume". Bases reguladoras e convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables no marco do plan de recuperación,	00099/2024	06-03-2024 14:48



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
	transformación e resiliencia, da FEMP) a entidades locais pertencentes á rede española de cidades saudables (RECS). (Nexgeneration EU)		
2024/G003/000119	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de día 7 de marzo de 2024	00100/2024	06-03-2024 15:01
2024/G003/000058	Decreto pagamento Acordes	00101/2024	06-03-2024 14:54
2024/G003/000079	Achega do concello en virtude do convenio de colaboración co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa Xantar na casa 4º trimestre 2023	00102/2024	09-03-2024 10:48
2024/G003/000117	Expediente sancionador de tráfico DR 20295-2023	00103/2024	09-03-2024 10:45
2024/G003/000065	Aprobación conta xustificativa grupos políticos anualidade de 2023	00104/2024	09-03-2024 10:45
2024/G003/000122	Nomeamento de María Roca como secretaria accidental.	00105/2024	11-03-2024 13:40
2024/G003/000124	Delegacións de alcaldía presidencia mandato corporativo 2023-2027: período do 12ao 21 de marzo (incluídos)	00106/2024	11-03-2024 14:41
2024/G003/000118	Expediente sancionador de tráfico DR 22385 2023	00107/2024	11-03-2024 14:43
2024/G003/000099	Plan orzamentario a medio prazo (2025 a 2027)	00108/2024	11-03-2024 16:29
2024/G003/000125	Dotación económica grupos políticos municipais, anualidade de 2024	00109/2024	12-03-2024 14:29
2024/G003/000056	Modificación tramitación contrato para a execución das obras contidas no proxecto "Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña." (conv. 44/2022 da Deputación da Coruña)	00110/2024	12-03-2024 14:29
2024/G003/000123	Solicitud subvención Fondo de cooperación local 2024. Cuberta da piscina municipal	00111/2024	13-03-2024 13:55
2024/G003/000132	Liquidación de tributos-seguros sociais xaneiro 2024	00112/2024	13-03-2024 13:56
2024/G003/000135	Nomeamento interventor accidental, José Luis Sande Vázquez o 14.03.2024 a partir das 14:00 horas	00113/2024	14-03-2024 13:36
2024/G003/000114	Aprobación relación de facturas F/2024/2: recoñecemento extraxudicial de crédito	00114/2024	15-03-2024 13:39



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
	alcaldía		
2024/G003/000113	Aprobación relación de facturas F/2024/4 rec alcaldía	00115/2024	15-03-2024 13:40
2024/G003/000115	Aprobación relación de facturas F/2024/5	00116/2024	15-03-2024 13:40
2024/G003/000120	Aprobación relación de facturas F/2024/6. Ano 2024.	00117/2024	15-03-2024 13:40
2024/G003/000121	Relación de facturas F/2024/7. Rec alcaldía. -	00118/2024	15-03-2024 13:41
2024/G003/000116	Aprobación de facturas X/2024/1, reconocimiento extrajudicial de crédito	00119/2024	15-03-2024 13:41
2024/G003/000137	Liquidación de tributos-modelo 111 IRPF, febreiro 2024.	00120/2024	15-03-2024 13:42
2024/G003/000160	Modificación de crédito número 2, transferencia de crédito 1. Alcaldía. -	00121/2024	15-03-2024 14:05
2024/G003/000133	Aprobación relación de facturas F/2024/8	00122/2024	19-03-2024 12:56
2024/G003/000173	Sesión ordinaria da comisión informativa de asuntos xerais de pleno de día 22 de marzo de 2024	00123/2024	19-03-2024 13:18
2024/G003/000174	Nomeamento interventor accidental os días 21,22, 25 e 26 de marzo 2024.	00124/2024	19-03-2024 13:44
2024/G003/000176	Sesión ordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Facenda de día 22 de marzo de 2024	00125/2024	19-03-2024 14:21
2024/G003/000134	En relación co proxecto técnico PMC2024-2025 Mellora capa de rodaxe en pista Campo de Cosme, remitimos: - proxecto. - acta de replanteo previo. - arquivo kmz,	00126/2024	20-03-2024 13:35
2024/G003/000136	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000031184	00127/2024	20-03-2024 13:34
2024/G003/000163	Expediente sancionador de tráfico DR 21822-2023	00128/2024	20-03-2024 13:34
2024/G003/000130	Solicitud acceso información pública: licenzas en naves	00129/2024	20-03-2024 13:34
2024/G003/000181	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de día 21 de marzo de 2024	00130/2024	20-03-2024 13:34
2024/G003/000166	Aprobación relación de facturas F/2024/9 - rec. Alcaldía	00131/2024	20-03-2024 14:17

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO.- MOCIÓNS URXENTES.

A secretaria accidental indica que se presentaron as seguintes mocións pola vía de urxencia para o pleno:

- Moción do BNG de apoio ao pobo palestino e de esixencia do fin do xenocidio a mans do goberno israelí
- Moción do PSdeG-PSOE: entidades locais.

#### 8.1.- MOCIÓN DE APOIO AO POBO PALESTINO E DE ESIXENCIA DO FIN DO XENOCIDIO A MANS DO GOBERNO ISRAELÍ

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA, POR UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, que da lectura a moción presentada

#### **“Exposición de motivos:**

*Nas últimas semanas estamos a vivir unha nova escalada nun vello conflito. Palestina sofre, desde hai 75 anos, unha brutal ocupación baixo un sistema de apartheid, en que Israel incumpriu reiteradamente as resolucións da ONU. Durante estas décadas, Israel, non só impediu a existencia dun Estado palestino, senón que ocupou os seus territorios (aproximadamente o 70% do territorio palestino desde o 1948) a medio de asentamentos de colonos (declarados ilegais polo Consello de Seguridade da ONU); someteu a súa poboación a todo tipo de vexacións e maltratos; asasinou líderes políticos palestinos; encarcerou a milleiros de persoas de xeito extraxudicial; levantou un muro da vergoña; lanzou ataques con milleiros de vítimas mortais e impuxo un brutal bloqueo a Gaza.*

*A comunidade internacional, sen excepcións, debe condenar enérxica e categoricamente o ataque masivo que o Estado de Israel ordenou contra Gaza e o xenocidio que se está perpetrando contra o pobo palestino. Os bombardeos masivos, os cortes de subministracións básicos como a luz, a auga potábel ou alimentos e medicamentos, son elementos dunha política de asedio xenocida que agravan a xa de por si durísima situación provocada polo bloqueo de Gaza desde o ano 2007. Máis de dous millóns de persoas que xa vivían confinadas en 365 km2 (unha extensión mesmo inferior á do concello de Vilalba) nunhas condicións económicas e sociais deplorábeis, agora fano nunhas condicións infrahumanas. Até este momento, segundo Nacións Unidas, van máis de 18.000 civís asasinados, dato en que se inclúe a arrepiente cifra de máis de 7.000 crianzas mortas.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Ponte deume propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS:***



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. *Exixir o embargo de armas e a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.*
2. *Exixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino.*
3. *Exixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cisjordania, así como dos ataques a Siria e ao Líbano.*
4. *Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza o envío urxente de material humanitario a Gaza.*
5. *Exixir ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos."*

O presidente abre a quenda para o debate

Toma a palabra don **Santiago José Rodríguez Piñeiro do PP**, para dicir que dende o seu partido condenan todo tipo de terrorismo "*veña de onde veña e vaia onde vaia*" e o seu voto vai ser a favor da moción.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdG-PSOE**, para indicar que o que acontece en Palestina é un xenocidio, que defenden que os conflitos se deben resolver pola vía diplomática e da palabra non coas armas pero teñen algunha puntualizacións sobre os acordos da moción. Están de acordo con exixir o embargo de armas pero non coa ruptura de relacións diplomáticas xa que isto implica non ter relacións nin capacidade de diálogo e cren que o conflito pasa polo diálogo.

Con respecto ao apartado 2 do acordo "*Exixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino*"; indica que a Corte Penal internacional está a punto de emitir o seu informe, que hai uns organismos que xa están traballando e deliberando e levando a cabo as súas investigacións; polo que a posición do seu partido sería esperar estes informes antes de exixir.

Continúa citando os seguintes puntos dos acordo da moción, indicando que están a favor de todos eles.

*Sendo ás 12:40 h don Isaac Alejandro García Otero abandona á sesión*

Pregunta **dona Rocío Souto Torre do BNG**, se logo de esperar á emisión do informe da Corte Penal Internacional exixen que o xulguen.

Responde a **Sra. Bellón** que os informes non son vinculantes, que hai que esperar a ver o que din porque non é adiviña e di textualmente "*estades pedindo que se xulgue a Netanyahu pero sabemos se xa se vai xulgar a Netanyahu, eu penso que se debería de agardar a que se*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

concretara na resolución da Corte Penal Internacional e despois de ahí haberá que exixir ou non”

Pregúntalle a **Sra. Souto** cal é a opinión do goberno, se hai que xulgar ou non a Netanhayu.

*Sendo ás 12:42 h don Isaac Alejandro García Otero regresa á sesión*

Responde a **Sra. Bellón** que di que a un exterminador loxicamente hai que xulgado.

A **Sra. Souto** di que non lle encontra xustificación a esperar ao ditame da Corte internacional.

A **Sra. Bellón** propón unha nova redacción que sería: “*Agardar á resolución da Corte Penal internacional e no seu caso exixir...*”

Intervén **don Luis Pena Mosquera do BNG**, para indicar que se está a pedir antes de que resolva para que o sentido da resolución sexa que se xulgue a Netanhayu.

Insiste a **Sr. Bellón** que pide agardar a esa resolución e no caso de que non se ditamine que se xulgue, entón solicítalo.

A concelleira e concelleiro do BNG indican que non entenden o “puntillismo” da sra. Bellón; e o Sr. Pena Couceiro a vista do debate propón modificar a moción.

Logo das deliberacións, os grupos políticos presentes acordan modificar a moción e someter a votación por separado cada un deles.

Os puntos do acordo da moción enmendada quedan redactados como se indica:

1. Exixir o embargo de armas por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.
2. Exixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino.
3. Exixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cisjordania, así como dos ataques a Siria e ao Líbano.
4. Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza o envío urxente de material humanitario a Gaza.
5. Exixir ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos.
6. Exixir a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.

Sométese a votación por separado o punto 1 dos acordos da moción enmendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes o seguinte **ACORDO**:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Exixir o embargo de armas por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.

Sométese a votación o punto 2 dos acordos da moción enmendada, quedando **REXEITADO** por **MAIORÍA DE 7 VOTOS EN CONTRA**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSDG-PSOE (7), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e **CATRO VOTOS A FAVOR (4)** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (2) D Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> María Rocío Souto Torre e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, o **ACORDO** seguinte:

2. Exixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino.

Sométese a votación por separado o punto 3 dos acordos da moción enmendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes o seguinte **ACORDO**:

3. Exixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cisjordania, así como dos ataques a Siria e ao Líbano.

Sométese a votación por separado o punto 4 dos acordos da moción enmendada quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes o seguinte **ACORDO**:

4. Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza o envío urxente de material humanitario a Gaza.

Sométese a votación por separado o punto 5 dos acordos da moción enmendada quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes o seguinte **ACORDO**:

5. Exixir ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos.

Sométese a votación o punto 6 dos acordos da moción enmendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 4 VOTOS A FAVOR (4)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (2) D Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> María Rocío Souto Torre e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **SETE ABSTENCIÓNS (7)** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSDG-PSOE (7), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; o **ACORDO** seguinte:

6. Exixir a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 8.2.- MOCIÓN: ENTIDADES LOCAIS

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA, POR UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes.

Trascribese a continuación a moción.

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O pasado 14 do mes de decembro de 2023, o Concello de Ponte deume aprobou os seus orzamentos para o ano 2024, condicionados á aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado, que establecerán a marxe orzamentaria financeira que deberán cumprir as Administracións.*

*En aplicación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e de conformidade co seu artigo 15, o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026, así como o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para 2024.*

*Este Acordo establece un obxectivo de déficit para todas as Administracións do Estado do 3% do PIB en 2024 (2,7% en 2025 e 2,5% en 2026). Un Acordo e uns obxectivos, lembremos, que foron aprobados por Bruxelas.*

*O documento, que recibiu o visto e prace de Bruxelas, recolle o obxectivo do 3% de déficit distribuído por subsectores dun xeito máis estrito para as Comunidades Autónomas e Entidades Locais, esixindo a Comunidades Autónomas equilibrio orzamentario e ás Entidades Locais un superávit orzamentario de +0,2%. O Goberno de España tentou durante estes anos de goberno dar maior marxe de financiamento ás Comunidades Autónomas, que son as que garanten o Estado do benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de Sanidade, Educación e Protección Social. E, neste mesmo sentido, aprobouse unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as Comunidades Autónomas e Entidades Locais.*

*Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para todas as comunidades autónomas, propónse un déficit do 0,1% en 2024, tal e como se propón no Consello de Política Fiscal e Financeira, obtendo informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Nas EELL, tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2% en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario.*

*Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para CCAA e EELL de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recae na Administración Xeral do Estado.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Unha décima máis de marxe para as CCAA: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.*
- *Dúas décimas máis de marxe para as EELL: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.*

*Pero a pesar da flexibilidade para CCAA e EELL, que estas medidas significan, o PP tanto no Congreso dos Deputados como no Senado uniu os seus votos cos da extrema dereita para rexeitar estes acordos, a pesar de que a quen máis prexudica é aos gobernos autonómicos e locais.*

*É dicir, o PP vota en contra dun Acordo do Goberno de España, que prexudica claramente os intereses económicos do noso concello e, polo tanto, dos 7600 habitantes de Ponte deume.*

*A senda de estabilidade proposta, foi aprobada no Congreso en dúas ocasións, o 10 de xaneiro e outra vez, o 29 de febreiro, co voto en contra do PP. Cando foron rexeitadas, no seu primeiro intento, no Senado, o Goberno volveu presentar os obxectivos de estabilidade a ambas Cámaras, de acordo co establecido no artigo 15.6 da LOEPSF, sendo rexeitados de novo no Senado, en segunda volta. Deste xeito, os obxectivos de déficit para a Administración Central, CCAA e EELL serán finalmente os fixados no Programa de Estabilidade do mes de abril, que xa conta coa aprobación das autoridades europeas.*

*É dicir, o resultado dun novo rexeitamento de PP e Vox no Senado á senda da estabilidade, leva consigo a redución da capacidade de financiamento vía déficit que terán as CCAA e Entidades Locais, concretamente, para este Concello supón 0,5 millóns de euros.*

*Unha redución da capacidade de gasto que terá o concello de 500,000€ nas súas contas públicas, xa que agora terán que pasar a contemplar nelas un superávit do 0,2% en 2024. Unha situación que prexudicará claramente á cidadanía do Concello de Ponte deume.*

*Por todo o exposto, dende o Grupo Socialista no Concello de Ponte deume solicitamos aos demais Grupos Municipais que apoien os seguintes*

### **ACORDOS:**

*1. Manifesta o seu apoio ao Acordo de Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para o ano 2024, así como o Plan de Reequilibrio elaborado polo Goberno de España, que contempla o equilibrio orzamentario na Administración Local para 2024.*

*2. Insta ao Goberno Municipal a informar sobre as previsibles consecuencias do boicot do PP á senda da estabilidade nos Orzamentos municipais.”*

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do PsdG-PSOE**, que indica que o Concello aprobou o 14 de decembro 2023 os orzamentos para o ano 2024 e o goberno de España tenta dar maior marxe de financiamento as comunidades autónomas que son as que garanten o estado de benestar, as competencias en prestar os servizos públicos



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

básicos de sanidade, educación e protección social, aprobándose unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as comunidades autónomas e entidades locais, proponendo un déficit do 0,1% en 2024 tal como propón o Consello de Política Fiscal e Financeira, con informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Continúa dicindo que nas entidades locais tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local, os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2% en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario; dando lugar a unha marxe adicional de tres décimas máis que equivalen a 4,570 millóns que recaen na administración xeral do Estado sendo para comunidades autónomas de 1 décima mais e de dúas décimas para as entidades locais . Continúa dicindo que o PP e a extrema dereita uniron os seus votos para rexeitar estes acordos a pesar de que os máis danados son os gobernos autonómicos e locais.

Continúa dicindo que para o Concello de Ponte deume supón 0,5 millóns de euros, unha redución da capacidade de gasto que terá o concello de 500.000 euros nas súas contan públicas, xa que agora terá que contemplar nelas un superávit do 0,2% en 2024.

A continuación lee os acordos da moción.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, para indicar que o primeiro punto do acordo parécelles razoable; pero que non entenden o segundo punto; xa que o PSOE presenta unha moción para instar ao propio goberno a informarse a si mesmo, que se queren votaran por separado os puntos.

Ante a confusión que xurde con respecto ao punto 2 do acordo, a grupo municipal do PsdG-PSOE decide retirar ese punto.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do PP**, que di que a moción está presentada ás presas, que o partido popular deixou moi claro no Senado por dúas veces que ía votar en contra, xa que non quere máis subida de impostos nin máis débeda; propúxose un reparto máis equilibrado dos obxectivos de déficit e o goberno do Estado sempre os rechazou. Indica que o seu voto vai ser totalmente en contra; e indica que é curioso que agora se quere recuperar o programa de estabilidade de abril do 2023 que vai ser máis restritivo para as comunidades autónomas.

Toma a palabra a **Sra. Bellón** que di que a moción ten sentido porque ao concello lle supón 0,5 millóns de euros máis. Indica que a débeda do estado estase a reducir e que os impostos se soben a aqueles que mais teñen, que é o que consideran máis xusto. Indica que a moción afecta directamente as entidades locais.

Logo de todas a deliberación, a moción queda enmendada na parte resolutiva, quedando unicamente un único punto de acordo, que é o seguinte:

1. Manifesta o seu apoio ao Acordo de Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para o ano 2024, así como o Plan de Reequilibrio elaborado polo



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Gobierno de España, que contempla o equilibrio orzamentario na Administración Local para 2024

Sen máis intervencións sométese a votación a moción enmendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE NOVE VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (2) D Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> María Rocío Souto Torre; e **DOUS VOTOS EN CONTRA** (2) dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

1. Manifesta o seu apoio ao Acordo de Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para o ano 2024, así como o Plan de Reequilibrio elaborado polo Goberno de España, que contempla o equilibrio orzamentario na Administración Local para 2024

### 9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

#### 9.1.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG non presentou por escrito rogos nin preguntas para o Pleno do mes de marzo, pero o sr. Pena Mosquera indica "in voice" que como consecuencia da deliberación do punto primeiro da orde do día, do recoñecemento extraxudicial de créditos, pregunta-pide se se lles poden enviar toda a documentación que figure en relación coas facturas da empresa Enfoques que figura no expediente do recoñecemento.

Responde o Sr. Presidente que non hai ningún problema.

#### 9.2.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP

O partido municipal do PP presenta para o Pleno de marzo as seguintes preguntas:

##### PISCINA MUNICIPAL

1-¿En qué situación tiene el contrato la empresa SERVICIO?¿En qué estado está la subvención que anuncian en prensa en MAYO del 2023, para la mejora de la Piscina Municipal?

**Resposta do goberno.-** Como ben saben, o contrato da empresa Servicio está esgotado. Os novos pregos para sacar a licitación a xestión da Piscina Municipal están rematados, polo que estase a facer todo o posible co persoal dispoñible no Concello para realizar a súa licitación.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En canto a pregunta sobre a subvención que comentan, realizouse a súa solicitude como tantas outras, pero non nos foi concedida. A día de hoxe temos outra solicitada.

Xa que preguntan sobre a situación actual da piscina e ante as queixas realizadas polo seu grupo, aproveitamos esta resposta para lembrarllas as conclusións da auditoría contratada polo Concello ao equipo de arquitectos que deseñou a propia instalación.

Durante o goberno do seu grupo permitiuse a realización de obras e actuacións que perxudicaron o estado e o funcionamento das instalacións tal e como se pode comprobar nas conclusións documento.

O informe concreta, entre “as patoloxías” máis destacadas do edificio, as humidades provocadas por condensacións, debido a un uso incorrecto do sistema de climatización, ao cambio da actividade na zona afectada ou ás novas compartimentacións, así como ás filtracións provocadas polo mantemento, realizado de forma tardía ou sen a constancia necesaria.

O mantemento realizado na piscina foi o mínimo e as novas dotacións de SPA xeraron máis problemas que beneficios.

Á nosa chegada a este goberno atopámonos cun edificio exhausto, onde o incorrecto mantemento e as inadecuadas modificacións deterioraron a instalación ata o límite, e así deixa constancia o propio informe do equipo de arquitectos.

Na piscina hai problemas de filtracións e fugas por modificacións que fixeron nas instalacións sen ningún tipo de supervisión e moitas delas

### REMANENTE

2-¿A cuánto asciende el remanente de tesorería a día de hoy?

Neste momento non dispoñemos da cantidade exacta porque estamos pendentes de realizar os últimos axustes. Tan pronto como dispoñamos dese dato facilitarémolos

### RUEGOS

1. Rogamos se asfalte y se ponga un espejo para que puedan salir con seguridad de la casa que se ve en las imagenes del lugar de Castrelo





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente en funcións, levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e catro minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 25.04.2024, segundo o borrador asinado o día 15.04.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

